


ENFIANDO

Xaquín Lourenzo e o futuro da cultura tradicional

Francisco X. Fernández Naval
Escritor



Na imaxe superior, Xaquín Lourenzo "Xocas" nos seus últimos anos. Sobre estas liñas debuxos do etnógrafo de diferentes tipos de rodas de carro. A fotografía final do texto amosa o pombal do Outeiro, na casa familiar de Xocas

O

Día das Letras Galegas deste ano, e por extensión o ano todo, está adicado a Xaquín Lourenzo, o Xocas, membro da Xeneración Nós e figura fundamental na investigación, recolleita e divulgación da nosa cultura tradicional. Coñecido sobre todo polos seus traballos no ámbito da cultura material (a casa, os oficios, a terra, o mar, os ríos, as embarcacións), traballou tamén a cultura inmaterial; velaí os cancioeiros ou a recuperación e restauración da romaría do Viso, por poñer dous exemplos.

A Unesco, por resolución do ano 2002, acordou desenvolver programas específicos de recompilación e conservación do patrimonio inmaterial, considerado o maior e máis importante patrimonio da humanidade e hoxe o máis ameazado. Moitos confiabamos que a celebración do ano do Xocas fose aproveitada en Galicia para reflexionar sobre a nosa cultura tradicional, que vive un inevitable proceso de transformación e en moitos ámbitos un irreversible tránsito cara a destrución e desaparición. Trataríase de determinar que facemos con aquilo que perdemos e se é posible, e sen nostalxias, actuar para impedir a desaparición definitiva de manifestacións que noutras sociedades conseguiron atopar a súa función, xustificando así a súa supervivencia. Sen embargo os meses pasan e nada se anuncia ó respecto.

Sabemos que o tempo, a sociedade que construímos cada día, a tecnoloxía, o benestar, as comunicacións, condenaron hai tempo a unha parte da cultura inmaterial e transformaron case que toda a material. Hai cousas que non teñen volta. A Santa Compañía deixou de ser crenza para se transformar en literatura; as zocas non poden competir cos produtos alternativos que hoxe atopamos no mercado; a lavadora levou polo sumidoiro o esforzo das lavadeiras sobre as laxes do río e tamén os seus cantos; fiadeiros e muiñadas deixaron de cumprir o seu labor social.

Pero, ¿existen políticas reais de investigación, recolleita e salvagarda deste patrimonio? Sabemos que sociedades máis modernas cá nosa conservan os seus modelos tradicionais de construción adaptándoos ás novas condicións de vida; que a cultura



do pan non ten porque ceder ós produtos conxelados industriais; que os nosos froitos, ben coidados, poderían competir cos que veñen de fóra; que a desaparición da carpintería de ribeira supón frear e condear a práctica deportiva da vela tradicional, tan presente noutras comunidades atlánticas; que perder as sementes dos cultivos tradicionais supón hipotecar o futuro; velaí se non o exemplo do liño e a moda galega.

Sabemos tamén que a tradición oral funcionou sempre coma un discurso que garantía a pervivencia da identidade. Podían desaparecer as construcións, os campos de cultivo, pero o conto marabilloso, a fábula, a fraseoloxía, a lenda, eran aval de identidade. ¿Viviremos sen memoria?

En México existe o Museo da Palavra, que lembra as vivencias persoais da revolución. Non quere ser un museo inmóvil, non é un mausoleo de lembranzas. Trátase dunha grande conversa coa tradición e coa historia. Ignoro se algo así está previsto nesa cidade da cultura que están a construír.

E está aínda o tema da lingua. ¿Podemos permitírmolos o luxo de perdela? ¿Hai acordo por parte da sociedade galega no seu conxunto en levar a cabo políticas de defensa, revitalización e promoción da lingua, con independencia do partido ou partidos que governen na comunidade?

Días pasados Víctor Freixanes, no seu discurso de entrada na Real Academia Galega, propoñía un pacto da sociedade galega co obxecto de garantir a supervivencia da lingua e da nosa cultura como realidade diferenciada. Pero para chegar a ese grande pacto sería necesario un proceso pre-



vio de debate, e utilizar a figura de Xaquín Lourenzo e a súa herdanza para levalo a cabo sería a mellor maneira de tributarlle homenaxe. Seguro que a el non o amolaría esa utilización.

Nordesía, suplemento dominical de Diario de Ferrol. Coordina: Nicolás Vidal. Textos y revisión lingüística: José M. Gómez Fandiño.

Humor: Armando Salas. Caricatura: J. Veiga. Fotografía: Carlos Carballeira, Gabriel Tizón, Jorge Meis y Estevo Barros.

Diseño y maquetación: Carlos Miragaya (Jefe de Suplementos y Páginas Especiales).

Colaboran en este número: Guillermo Llorca, Rosa Méndez, José Luis Prieto Roca, Vicente Araguas, Luis Alonso Girgado, Ramón Seage, Francisco X. Fernández Naval, Ramón Seage, Juan Ignacio Díaz da Silva, Emma Rodríguez Maseda y Nuria Varela Feal.

Diario de Ferrol. C/ Galiano, 31 - 15402 Ferrol. Tel. 981 369 900. Fax: 981 354 603 e-mail: nordesia@diariodeferrol.com.